

## Non á represión sindical en NovaGalicia

A CGT fai un chamamento a súa afiliación e ó conxunto dos traballadores e traballadoras de NovaGalicia para manifestarse o próximo sábado, 21 de xuño, ás 10:00h da mañán, diante do "Coliseum" da Coruña, para denunciar un novo caso de represión sindical e atentado ós dereitos dos traballadores: o intento de despido do ex representante da CGT en NovaGalicia, Julian Horche, sen outro motivo nin xustificación verdadeiros que a represalia indiscriminada contra os traballadores que alzan a voz, e prantan cara ós atropellos da empresa. Ese mesmo día, a mesma hora, no Coliseum terá lugar a "Convención de empregados de NovaGalicia" . A CGT de Pontevedra pon a disposición da afiliación un autobús de solidariedade que sairá o mesmo día 21 de xuño ás 8 da mañán hacia Coruña e voltará a Pontevedra unha vez rematada a concentración.

Comités de CGT Pontevedra e CGT Coruña